




**NOVOS HORIZONTES:
ASOREY OU A VITALIDADE
DA ESTÉTICA GALEGA
NA ESCULTURA**

Iria-Friné Rivera Vázquez

 **Alexandre Bóveda** AGRUPACIÓN CULTURAL

 **Deputación
DA CORUÑA**

A arte de Asorey é un arco que se estende dende 1922 ata 1960. Luces e sombras, a grandiosidade barroca en volume, son os seus principais selos incidindo na actitude anatómica das súas figuras e espazos. O seu corpus artístico abarca como temas o imaxinario histórico galego, o mitolóxico e a Natureza, así como personalidades contemporáneas e iconografía literaria, civil e relixiosa. Abundan bustos, placas honoríficas, esculturas funerarias, monumentos e esculturas arquitectónicas que evidencian unha capacidade de tomar influencias claras e alquimialas en algo novo.

O que amplifica a magnitude do relato das súas esculturas é a estética elegante da cultura material e inmaterial galega. O artista observaba clinicamente co seu rostro de falcón, tal como o describiu Luís Seoane, a realidade e empregou a imaxinación para ser quen de transcender a forma para marcar carácter e temperamento. E tamén, como coñecedor, da atmósfera do imaxinario celta. Épica e celebrativa, Asorey empregouna para definir a forma grandiosa e a forza espiritual dos personaxes representados.

O corazón da maxestosidade de Asorey foi sempre a sinerxía de referencias; o orgánico e a destra beleza sintética do Mestre Mateo (fig. 1) e as xeométricas composicións arquitectónicas de Simón Rodríguez de Castroverde. Son inversas, cambiantes, exuberantes e con texturas, que conducen as fachadas a un remate impresionante (fig. 2). Ambos constitúen as suas pedras angulares, pois o taller do escultor estaba ademais fronte o Convento de Santa Clara en Santiago (fig. 3). Así destacou de ambos a forza organizada combinada, dando resposta a movementos artísticos contemporáneos como o Expresionismo ou o Art Déco.

É parte esencial dos principios creadores de Asorey o esquema das obras. É sempre triangular, dando oportunidade tanto de establecer un patrón visual seguro como de xerar a culminación dramática

dos personaxes. As composicións, cunha dirección frontal, so abren a perspectiva a través das miradas. As esculturas e monumentos parten dun xogo simétrico, harmonioso e proporcionado, dotado dun ritmo serpenteante e unha técnica que observa a transición da materia á forma. Sexa en pedra ou madeira.

Sendo un escultor de corpos, a entidade física é complexa e ambiciosa. As anatomías son definidas. A masa está cicelada de tal maneira que, fronte os rostros, semella que se está perante figuras mais imponentes que a media habitual das persoas. Sexa cunha presenza intensa, enigmática, feroz, doce, peculiar ou espiritual, os seus exercicios esculturais ocupan os espazos apelando a consciencia mais fonda. Un dos aspectos mais belos de Asorey son os seus tons de cores. Os matices son cálidos e serios, destacando a necesidade de elevar a beleza natural que percibía da realidade a súa verdadeira esencia (fig. 4).


O escultor fixo uso de xestos e posturas como recurso expresivo. O coidado nos detalles dos panos, as texturas das follas ou os pregos das pesadas roupas serven como ferramenta de captación estética e psicolóxica. Asorey emprega trucos como o traballo dos rostros, especialmente os iris dos ollos, as cellas e as fázulas, para sofisticar a plasticidade teatral e dinámica de claroscuros (fig. 5).

As esculturas de Asorey poden verse no Museo de Belas Artes da Coruña ou o Museo Provincial de Lugo. Tamén poden verse nas rúas: en Vigo o Monumento a García Barbón (1929), en Santiago de Compostela o chamador do Pazo de Baamonde na rúa do Vilar, o Monumento a San Francisco (1926-1930), o capitel e escudo do Hotel Compostela (1930) e a placa o ourive Enrique Mayer (1932) na rúa Preguntoiro. Na Coruña o Monumento a Curros Enríquez nos Xardíns de Méndez Núñez e en Cambados o Monumento a Manuel Cabanillas. Pode entenderse así que a arte do escultor estaba repleta de todo aquilo no que Asorey sobresaía: o halo emocionante e con estilo do romanticismo, unha creatividade consciente e ambiciosa e un equilibrio poderoso. O seu mellor no mellor da estética galega.

< **Francisco Asorey**, pormenor da escultura de Curros como un bardo, no monumento en honra á súa persoa. 1928-1934. Xardíns de Méndez Núñez, A Coruña. Fotografía: Iria-Friné Rivera Vázquez.




(fig.4)



(fig.3)

(fig.5)



(fig. 1)



(fig. 2)

1º. Porta das Praterías. 1103-1117. Mestre Mateo. Contén pezas románicas orixinais, as do Coro do Mestre Mateo (segunda metade do século XII), as da Fachada do Paraíso e as dunha entrada inconclusa. Fachada meridional da Catedral de Santiago de Compostela. Fotografía: Iria-Friné Rivera Vázquez.

2º. Convento de Santa Clara. 1719. Simón Rodríguez de Castroverde. Rúa de San Roque, Santiago de Compostela. Fotografía: Iria-Friné Rivera Vázquez.

3º. Francisco Asorey canda a escultura da Victoria do Monumento a Curros Enríquez, no seu taller en Caramoniña (Santiago de Compostela). 1928-1934. Fotógrafo anónimo. Real Academia Galega.

4º. Francisco Asorey, *O Tesouro*, 1924. Colección privada. Fotografía cedida amablemente por Xosé Díaz Arias de Castro

5º. Francisco Asorey, friso esquerdo: As mulleres do Monumento a Curros Enríquez. 1928-1934. Xardíns de Méndez Núñez, A Coruña. Fotografía: Iria-Friné Rivera Vázquez.